



ACORDOS E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO BANCO DE LIBROS

- A solicitude de inscrición no Banco de Libros de Texto (en adiante BLT) irá a nome do pai/nai ou titor/a e do alumno/a.
- Por cada fillo/a haberá que entregar unha ficha de inscrición. As fichas poden ir ao mesmo nome do pai/nai ou titor/a.
- Os libros doados teñen que estar en bo estado de conservación, e estar en vigor para o curso 2014 -2015. De non ser así non obterán puntuación e serán doados a unha ONG para que fagan uso deles.
- O alumnado de 6º de primaria terá que facer a doazón no seu CEIP e a súa solicitude de libros se derivará ao IES público de Cambre que lle corresponda para o seguinte curso. Terá que ir a recoller os libros do curso 2014 – 2015 ao IES que lle corresponda.
- Reparto de libros solicitados:
 - No caso de que haxa máis libros doados que solicitudes, se repartiran a todas as persoas participantes.
 - No caso de que haxa máis solicitudes que libros doados, o sistema de reparto de libros será o seguinte:
 - + por cada libro doado se obterá 1 punto
 - + por pertencer a ANPA 0,5 puntos

O reparto o fará un programa informático en función da puntuación obtida a través dun sistema de puntuación e porcentaxes. Sempre terán preferencia aqueles solicitantes que doen libros. En caso de empate ou de situacións imprevistas, o programa informático procederá a realizar un sorteo tomando como referencia as seguintes letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido: "I" e a "R"; así mesmo, as que afectan ao segundo apelido: letras "K" e "B"; extraídas da Resolución do 26 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado na educación primaria, secundaria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.



- O alumnado de 2º de primaria poderá solicitar os libros de 3º de primaria sen doar libros. Agora ben, se é socio/a da ANPA obterá 0,5 puntos e se teñen algún libro na casa dalgún familiar ou amigo/a de cursos válidos (3º, 4º, 5º ou 6º de primaria ou da ESO ou bacharelato) que non estean caducados, se os doan poderán obter un punto por cada libro válido.
- As persoas participantes, nunha soa solicitude, poderán doar cantos libros queiran, incluso varios cursos á vez. Valorarase cada libro doado con 1 punto sempre e cando os libros estean en bo estado e non estean caducados. **Nembargantes tan só poderán solicitar un curso por inscrición.**
- No caso de que o BLT tivera máis solicitudes que libros doados, ningún solicitante recibirá maior número de libros dos que entrega como doazón.
- As familias poderán doar libros ao BLT de xeito desinteresado, é dicir, sen realizar solicitude de libros.
- O BLT é un servizo solidario e universal. Non se adquiren dereitos polo feito de doar e non haberá formulas de reclamación. Como exemplo claro da realidade á que nos enfrentamos, dicir que o número de alumnado por cursos varía no propio centro, é dicir:

CEIP Wenceslao: en 5º de primaria están matriculados 79 alumnos/as e en 6º de primaria 36 alumnos/as. Aínda que doasen os seus libros todo o alumnado de 6º de primaria nunca chegarían para as posibles 79 solicitudes do alumnado de 5º de primaria. Aínda así, vaga a pena participar xa que tentaremos contrarrestar estas situacións con sobrantes doutros CEIPs. O importante é participar e contribuír á reutilización dos libros e a favorecer a solidariedade. No último caso se nos tan só corresponde un libro do seguinte curso escolar, será un libro que nos aforremos como nais e pais.
- O BLT é un servizo de nova creación e cunha organización complexa. Este é o segundo ano de funcionamento e tomamos en conta a avaliación feita das diferentes problemáticas que xurdiron o ano pasado e así mellorar o servizo. No caso de ter que solucionar situacións imprevistas para o reparto de libros non recollidas nestas normas de funcionamento, a ANPA poderá solicitar a presenza dun funcionario/a municipal para levantar acta do problema xurdido e da solución máis obxectiva, equitativa e xusta a tomar.